

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno  
correspondente ao día 24 de febreiro de 2025**

Con data vinte e catro de febreiro do ano dous mil vinte e cinco, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:**

D. Luis Menor Pérez

**Deputados/as:**

D.<sup>a</sup> Marta Novoa Iglesias

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Manuel Seoane Rodríguez

D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. César Manuel Fernández Gil

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.<sup>a</sup> María Teresa Barge Bello

**Secretario:**

D. Adamantino Barreiro García

**Interventora:**

D.<sup>a</sup> María Begoña Álvarez Matos

A continuación iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE FEBREIRO DE 2025.-** A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de febreiro de 2025.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 17 de febreiro de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

## **2º.- APROBACIÓN DEL DOCUMENTO ESTRATÉGICO “AGENDA URBANA OURENSE**

**SUR”**.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar el Documento Estratégico "Agenda Urbana Ourense SUR", nos seguintes termos:

1º. Aprobar o documento estratéxico "Axenda Urbana Ourense SUR" integrado polos seguintes documentos: Presentación Axenda Urbana da Área Urbana Funcional de Ourense Sur, Marco Estratéxico e Plan de Acción da Axenda Urbana da Área Urbana Funcional Ourense Sur, Diagnóstico da Axenda Urbana da Área Urbana Funcional de Ourense Sur, e Indicadores da Axenda Urbana da Área Urbana Funcional de Ourense Sur.

2º. Facultar á Presidencia provincial para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

3º. Proceder, de conformidade co previsto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, á publicación do documento estratéxico aprobado no portal de transparencia provincial.

4º. Dar conta deste acordo á comisión informativa competente na próxima reunión que teña lugar, todo iso en cumprimento da previsión do artigo 126.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais.

## **3º.- APROBACIÓN DEL PLAN DE ACTUACIÓN INTEGRADO (P.A.I.) “OURENSE SUR” Y SOLICITUD DE AYUDA EN EL MARCO DE CONVOCATORIA PARA LA ASIGNACIÓN DE SENDA FINANCIERA FEDER A PLANES DE ACTUACIÓN INTEGRADOS DE ENTIDADES LOCALES, EN EL MARCO DEL DESARROLLO URBANO SOSTENIBLE, CON CARGO AL FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL EN EL PERIODO DE PROGRAMACIÓN 2021-2027**.- De conformidade coa proposta favorable da

Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar o Plan de Actuación Integrado (P.A.I.) “OURENSE SUR” e solicitude de axuda no marco da convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021- 2027, nos seguintes termos:

1º. Aprobar o Plan de Actuación Integrado (P.A.I.) denominado “OURENSE SUR”, cun orzamento de gasto de dez millóns de euros (10.000.000,00 €). O contido do P.A.I. figura incorporado ao expediente administrativo electrónico de referencia 2025/432Y.

2º. Solicitar unha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) por importe de seis millóns de euros (6.000.000,00 €), no marco da convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, FEDER 2021-2027.

3º. Declarar que esta entidade comprométese a habilitar o crédito adecuado e suficiente para financiar toda a execución do proxecto no caso de resultar seleccionado este, de acordo coas normas reguladoras da convocatoria.

4º. Dar conta deste acordo á comisión informativa competente na próxima reunión que teña lugar, todo iso en cumprimento da previsión do artigo 126.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

#### **4º.- APROBACIÓN DEL DOCUMENTO ESTRATÉGICO “DIAGNOSIS Y PLAN DE ACCIÓN DE LA AGENDA URBANA DE O BARCO DE VALDEORRAS”.-**

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar o Documento Estratéxico "Diagnose e Plan de acción da Axenda Urbana do Barco de Valdeorras", nos seguintes termos:

1º. Aprobar o documento estratéxico "Diagnose e Plan de acción da Axenda Urbana de Valdeorras" integrado polos seguintes documentos: Diagnóstico e Plan de Acción segundo o seguinte índice:

“1 Introducción e metodoloxía 2 Análise xeral 3 Análise de obxectivos estratéxicos 4 Proceso participativo 5 Plan de acción (comprensivo de 30 actuacións concretas organizadas por Obxectivos Estratéxicos).”

2º. Facultar á Presidencia Provincial para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

3º. Proceder, de conformidade co previsto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, á publicación do documento estratéxico aprobado no portal de transparencia provincial.

4º. Dar conta deste acordo á comisión informativa competente na próxima reunión que teña lugar, todo iso en cumprimento da previsión do artigo 126.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

#### **5º.- APROBACIÓN DEL PLAN DE ACTUACIÓN INTEGRADO (P.A.I.) “VALDEORRAS POR LOS CAMINOS DEL SIL” Y SOLICITUD DE AYUDA EN EL MARCO DE**

**CONVOCATORIA PARA LA ASIGNACIÓN DE SENDA FINANCIERA FEDER A PLANES DE ACTUACIÓN INTEGRADOS DE ENTIDADES LOCALES, EN EL MARCO DEL DESARROLLO URBANO SOSTENIBLE, CON CARGO AL FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL EN EL PERIODO DE PROGRAMACIÓN 2021-2027.-**

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar o Plan de Actuación Integrado (P.A.I.) “VALDEORRAS POLOS CAMIÑOS DO SIL” e solicitude de axuda no marco da convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de actuación integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027, no seguintes termos:

1º. Aprobar o Plan de Actuación Integrado (P.A.I.) denominado “VALDEORRAS POLOS CAMIÑOS DO SIL”, cun orzamento de gasto de dez millóns de euros (10.000.000,00 €).

O contido do P.A.I. figura incorporado ao expediente administrativo electrónico de referencia 2025/433F.

2º. Solicitar unha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) por importe de seis millóns de euros (6.000.000,00 €), no marco da convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, FEDER 2021-2027.

3º. Declarar que esta entidade se compromete a habilitar o crédito adecuado e suficiente para financiar toda a execución do proxecto no caso de resultar seleccionado este, de acordo coas normas reguladoras da convocatoria.

4º. Dar conta deste acordo á comisión informativa competente na próxima reunión que teña lugar, todo iso en cumprimento da previsión do artigo 126.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**6º.-FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DE EDICIÓNS DO LIBRO RESULTANTE DA XX EDICIÓN DO PREMIO PURA Y DORA VÁZQUEZ EDITADO AO ABEIRO DO PLAN ANUAL DE PUBLICACIÓN DO ANO 2024.-**

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar a fixación de prezos públicos de edicións do Libro resultante da XX edición do Premio Pura y Dora Vázquez, nos seguintes termos:

Fixar o prezo da obra: Yáñez Casal, Antonio: *Unha tenda azul cobalto*.

Obra contratada no expediente 2024/16506S

- Custo total da publicación (600 exemplares): 3.173,07 + IVE

- Custo estimado por exemplar: 5,28 € + IVE
- Custo estimado por gastos de envío por exemplar = 2 € IVE incluído
- Custo total aproximado por exemplar = 7,28 € + IVE

PVP final proposto = 7 € + IVE

## **7º.- APROBACIÓN SUBVENCIÓN A FAVOR DA ASOCIACIÓN ESCOLA RURAL DE SAÚDE DA LIMIA, PARA PROXECTO “BEN-ESTAR”, CORRESPONDENTE AO ANO**

**2024.-** De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor da Asociación Escola Rural de Saude da Limia, nos seguintes termos:

**-Importe:** 20.000,00 €.

**-Obxecto:** “Proxecto BEN-ESTAR”, correspondente ao ano 2024.

**-Xustificación:** a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

**Así mesmo, deberá achegar, xunto coa documentación establecida no parágrafo anterior, declaración responsable sobre a natureza do IVE, segundo o modelo dispoñible na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense <https://www.depourense.gal/index.php/seccion-de-subvencions>**

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior ao importe do proxecto presentado (21.650,00 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

- a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.
- b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producen cambios ou modificacións de carácter substancial no

proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta

xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

**-Prazo xustificación:** ata o 30 de xuño de 2025.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

**8º.- APROBACIÓN SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE FEDERACIÓN MULLERES RURAIS DE OURENSE (FEMURO) PARA PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN DO RURAL A TRAVÉS DO ASOCIACIONISMO FEMININO.**

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor da entidade Federación Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO), nos seguintes termos:

**-Importe:** 20.000,00 €.

**-Obxecto:** Programa de dinamización do rural a través do asociacionismo feminino.

**-Xustificación:** a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

**Así mesmo, deberá achegar, xunto coa documentación establecida no parágrafo anterior, declaración responsable sobre a natureza do IVE, segundo o modelo dispoñible na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense <https://www.depourense.gal/index.php/seccion-de-subvencions>**

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior ao importe do proxecto presentado coa solicitude de subvención (20.000,00 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do

vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

**-Prazo xustificación:** ata o 30 de xuño de 2025.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

#### **9º.- APROBACIÓN SUBVENCIÓN A FAVOR DA ASOCIACIÓN CULTURAL “LA TROYA” PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO, CORRESPONDENTE AO ANO 2024 .-**

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor da entidade Asociación Cultural “La Troya”, nos seguintes termos:

**-Importe:** 6.000,00 €.

**-Obxecto:** gastos de funcionamento, correspondentes ao ano 2024.

**-Xustificación:** a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

**Así mesmo, deberá achegar, xunto coa documentación establecida no parágrafo anterior, declaración responsable sobre a natureza do IVE, segundo o modelo dispoñible na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense <https://www.depourense.gal/index.php/seccion-de-subvencions>**

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a

realización dun investimento por unha contía igual ou superior ao importe da subvención concedida (6.000,00 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

- a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.
- b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada.

Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

**-Prazo xustificación:** ata o 30 de xuño de 2025.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

#### **10º.-APROBACIÓN SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE VERÍN CLUB DE FÚTBOL PARA MANTEMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL JOSÉ ARJIZ .-**

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor da entidade Verín Club de Fútbol., nos seguintes termos:

**-Importe:** 8.000,00 €.

**-Obxecto:** “Mantemento Campo de Fútbol Jose Arjiz”.

**-Xustificación:** a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

**Así mesmo, deberá achegar, xunto coa documentación establecida no parágrafo anterior, declaración responsable sobre a natureza do IVE, segundo o modelo**

**dispoñible na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense** <https://www.depourense.gal/index.php/seccion-de-subvencions>

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior ao importe do proxecto presentado (8.000,00 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

- a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.
- b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada.

Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

**-Prazo xustificación:** ata o 30 de xuño de 2025.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

**11º.-APROBACIÓN SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DE OURENSE PARA COFINANCIAMENTO, CONTRATACIÓN, SUMINISTRO BIOTRITURADORA, CORRESPONDENTE AO ANO 2024 .-**

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor da entidade Mancomunidad de Municipios Comarca de Ourense, nos seguintes termos:

**-Importe:** 16.721,39 €.

**-Obxecto:** “Cofinanciamento, Contratación, Suministro Biotrituradora”, correspondente ao ano 2024.

**-Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o orzamento presentado para a concesión da subvención (53.939,97 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada.

Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da

intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

**-Prazo xustificación:** ata o 31 de outubro de 2025.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

**12º.- ASUNTOS DE URXENCIA.-** Non se suscitaron.

**13º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-** Non se presentaron.

**14º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Non se formularon.

E, ás dez horas e nove minutos do referenciado día vinte e catro de febreiro do ano dous mil vinte e cinco, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente

